

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

4118 *Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, sobre medidas de mitigación equivalentes á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión para efectos da exclusión de instalacións de pequeno tamaño.*

A Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, modificada pola Lei 13/2010, do 5 de xullo, para perfeccionar e ampliar o réxime xeral de comercio de dereitos de emisión e incluír nel a aviación, dispón na súa disposición adicional cuarta que o órgano autonómico competente poderá acordar, logo de informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a exclusión a partir do 1 de xaneiro de 2013 das instalacións situadas no territorio da súa comunidade autónoma que teñan a consideración de pequenos emisores ou sexan hospitais, cando os respectivos titulares das instalacións o soliciten e acrediten o cumprimento dos requisitos que se establecen nesta epígrafe.

Considéranse pequenos emisores, para os efectos desta disposición adicional cuarta, as instalacións que lle notificasen á autoridade competente emisións inferiores a 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, nos termos previstos na lei e que, cando realicen actividades de combustión, teñan unha potencia térmica nominal inferior a 35 MW.

Porén, para que se poida realizar esta exclusión, a lei dispón que será preciso que a solicitude de exclusión que presenten os titulares das instalacións estea acompañada da documentación xustificativa que acredite o cumprimento das seguintes condicións:

Que se aplicarán medidas de mitigación que conduzan a unha contribución á redución de emisións equivalente á prevista pola participación no réxime de comercio de dereitos de emisión.

Que se implantará un sistema de seguimento e notificación de información sobre emisións equivalentes ás previstas nesta lei.

Segundo o disposto na Lei 1/2005, do 9 de marzo correspóndelle ao Goberno determinar mediante real decreto qué medidas de mitigación se consideran equivalentes, de acordo co sinalado na propia disposición adicional cuarta.

Así, co fin de poder dar cumprimento ao establecido na normativa que regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, este real decreto contén a regulación daquelas medidas de mitigación que se consideran equivalentes ás previstas no suposto de participación no réxime de comercio de dereitos de emisión, e inclúe tamén unha previsión sobre o sistema de seguimento, verificación e notificación para as instalacións excluídas, e sobre medidas simplificadas para determinadas instalacións en atención ao volume de emisións medias anuais verificadas.

Respecto das medidas que se consideran equivalentes, débese precisar que o real decreto non ten por obxecto establecer tales medidas nin regularlas en detalle. O que se pretende é definir as características básicas que deberían ter medidas de mitigación establecidas por distintas administracións públicas —aínda que serían, en principio, as autonómicas, como responsables de acordar as exclusións, as chamadas a facelo— e ás cales as instalacións se poderían acoller para solicitar a súa exclusión do réxime de comercio de dereitos de emisión.

Para estes efectos, considerouse que se poden distinguir dous esquemas básicos de potenciais medidas. Por un lado, aqueles esquemas que buscan establecer obxectivos de mitigación equivalentes aos previstos no réxime de comercio de dereitos de emisión e, por

outro lado, outro tipo de esquemas que, sen estableceren obxectivos de mitigación, crean instrumentos que incentivan un esforzo de redución equiparable.

Neste real decreto considéranse como equivalentes medidas que responden aos dous tipos de esquemas. Estas medidas son as seguintes:

A imposición dunha obriga a unha instalación de reducir as súas emisións a un 21 por cento en 2020 respecto das do ano 2005, como se prevé, con carácter xeral para o conxunto de instalacións suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión na Unión Europea.

A imposición dunha obriga de entregar créditos de carbono en contía equiparable ás emisións de CO₂ e que superen o volume cuberto polos dereitos de emisión que lle corresponderían conforme as regras de asignación gratuíta en caso de se encontrar suxeita ao réxime de comercio de dereitos de emisión.

A existencia dun tributo que grave as emisións de CO₂ e dunha instalación que superen un volume de emisións equivalente ao que resulte cuberto polos dereitos de emisión que lle corresponderían conforme as regras de asignación gratuíta.

A primeira medida responde ao primeiro esquema, é dicir, o de establecemento de obxectivos de redución de emisións, mentres que as outras dúas medidas responden ao segundo modelo.

Respecto da primeira, o real decreto exige que para que unha medida deste tipo se considere equivalente debe cumprir determinadas características. Por unha parte, aínda que se permite que o compromiso de redución se formalice de calquera modo xuridicamente aceptable, débese tratar dun compromiso vinculante, exigible e susceptible de ser imposto de forma coercitiva e, no seu defecto, débese poder impor ao incumpridor unha sanción nos termos previstos na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo. Por outra parte, a medida debería incluír non só un obxectivo en 2020, senón tamén obxectivos ou compromisos anuais que permitan comprobar e asegurar periodicamente que as emisións se encontran en niveis que permitirán alcanzar o obxectivo final, e que as emisións desas instalacións contribúen adecuadamente ao cumprimento dos compromisos asumidos nos sectores difusos. Por último, permítese que as medidas que se establezan poidan prever a posibilidade de facer uso de créditos de carbono para o caso de que as emisións dunha instalación superen o compromiso asumido, de modo que se poida compensar o exceso acudindo ao mercado sen que iso comporte un incumprimento sancionable.

A segunda medida está realmente moi próxima á permanencia no réxime, pois exixiría que os titulares de instalacións entreguen créditos de carbono só se as súas emisións superan os niveis que marca a asignación gratuíta que lles correspondese. Cómpre sinalar que os titulares van ter que solicitar, e a Administración deberá calcular, esa asignación, de acordo coas exixencias da Directiva, con independencia de que posteriormente se acorde a exclusión. As instalacións que se acolleran a unha medida deste tipo deixarían de contar con dereitos de emisión pero, por outra parte, terían a vantaxe de contar cunha maior marxe en canto aos tipos de créditos con que poderían cumprir as súas obrigas de entrega, ademais de se poderen beneficiar, de ser o caso, de medidas de seguimento simplificadas. Igualmente, prevese a imposición dunha sanción nos termos previstos na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, en caso de incumprimento da medida.

A terceira medida suporía a existencia dun tributo que grave o exceso de emisións respecto da asignación que correspondería a unha instalación. Para que a medida sexa equivalente, o tributo debería supor para o titular o pagamento dunha cantidade próxima ao que suporía adquirir no mercado os dereitos de emisión necesarios para cumprir as súas obrigas de entrega. Loxicamente, mentres que o prezo do dereito de emisión oscila no mercado, os tipos tributarios veñen fixados nunha norma, polo que a equivalencia nunca será absoluta, pero a partir dos prezos do dereito actuais e as previsións existentes pódese facer unha estimación á hora de avaliar se un tributo desta natureza supón ou non un incentivo comparable á redución de emisións.

Igualmente, na medida en que a exclusión por parte do órgano autonómico das instalacións referidas na disposición adicional cuarta da citada lei require o informe previo e favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, inclúese igualmente

neste real decreto unha previsión ao respecto e indícanse os aspectos que deberán ser valorados por ese ministerio para os efectos da súa emisión. A este respecto, faise fincapé en que este informe da Administración xeral do Estado non só comprobe a adecuación das medidas ao previsto neste real decreto, senón tamén que teña en conta que a súa implantación non comporte distorsións na competencia ou no mercado interior.

Respecto das medidas de seguimento simplificadas, o real decreto encoméndalle á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático a adopción de recomendacións que permitan certa flexibilidade. A este respecto, hai que ter en conta que estas medidas son competencia autonómica e que, por outro lado, se encontran fortemente condicionadas polo que exige a normativa comunitaria, polo que o real decreto non pode ir máis alá neste ámbito.

Débase apuntar, por último, que o real decreto inclúe unha disposición adicional relativa non só ao procedemento de exclusión de pequenas instalacións, senón tamén ao de asignación de dereitos de emisión, condicionados pola entrada en vigor tardía (respecto do previsto na Directiva) das normas harmonizadas comunitarias que establecen as regras de asignación. A disposición establece un prazo a partir da entrada en vigor destas normas para completar ou mellorar as solicitudes de asignación e de exclusión, que en todo caso deberán ter sido presentadas de conformidade cos prazos previstos na Lei 1/2005.

En canto aos títulos competenciais que xustifican a aprobación deste real decreto, en primeiro lugar hai que remitir ao artigo 149.1.23.^a da Constitución española, que reserva para o Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección e das súas competencias recoñecidas estatutariamente.

Así mesmo, este real decreto contén disposicións que poden afectar cuestións de competencia, mercado interior ou o interese dos consumidores polo que se debe ter en conta a competencia estatal para determinar as bases da planificación xeral da actividade económica prevista no artigo 149.1.13.^a, respecto ao cal a xurisprudencia constitucional admitiu que ampare normas estatais que fixen as liñas directrices e os criterios globais de ordenación de sectores económicos concretos, e actuacións executivas en relación con prácticas ou actividades que poidan alterar a libre competencia e teñan transcendencia sobre o mercado supraautonómico.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar as medidas de mitigación que contribúan a unha redución de emisións equivalente á que comporta a participación no réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para os efectos da exclusión deste, a partir do período de comercio que comeza en 2013, dos hospitais e das instalacións de pequeno tamaño, segundo o previsto na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Artigo 2. *Medidas consideradas equivalentes.*

1. Para os fins previstos no número 1 da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, considerarase que constitúen medidas de mitigación equivalentes aquelas polas que se obrigue a unha instalación a reducir as súas emisións nun 21 por cento en 2020 respecto das do ano 2005, de conformidade coas seguintes condicións:

a) A obriga poderase concretar a través de calquera instrumento válido no dereito público español, en que se garanta o seu carácter xuridicamente vinculante. Para estes

efectos, a solicitude de exclusión poderase acompañar dunha declaración do titular en que manifieste que asumirá, desde o momento en que se autorice a exclusión, a obriga de redución sinalada neste artigo.

b) Deberase establecer unha obriga de redución de emisións anual ao longo do período, que deberá comportar, en todo caso, que as emisións sexan en 2016 inferiores polo menos nun 14 por cento ás de 2005.

c) De acordo co previsto no número 3 da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, o incumprimento desta medida entenderase equivalente á infracción tipificada no artigo 29.2.5.^a desa lei.

A medida poderá incluír a posibilidade de entregar dereitos de emisión, reducións certificadas de emisións, unidades de redución de emisións ou outras unidades emitidas ao abeiro do previsto pola disposición adicional quinta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, de conformidade coa redacción que establece a Lei 13/2010, do 5 de xullo, pola que se modifica aquela, polo exceso de emisións respecto da obriga asumida, caso en que non se daría un suposto de incumprimento susceptible de sanción.

Así mesmo, poderanse prever previsións específicas para os supostos en que as emisións do ano 2005 sexan notablemente anómalas ou para os supostos en que as instalacións iniciasen a súa actividade ou incrementasen a súa capacidade, considerándose por iso novos entrantes, con posterioridade a esa data, tendo en conta a capacidade da instalación e o grao de utilización medio do sector en 2005.

2. Do mesmo modo, considerárase equivalente unha medida que impoña a obriga de entregar dereitos de emisión, reducións certificadas de emisións, unidades de redución de emisións ou outras unidades emitidas ao abeiro do previsto pola disposición adicional quinta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, de conformidade coa redacción que establece a Lei 13/2010, do 5 de xullo, pola que se modifica aquela, en contía equivalente ás emisións de CO₂ e que superen o volume cuberto polos dereitos de emisión que lle corresponderían como asignación inicial conforme as regras de asignación gratuíta en caso de encontrarse suxeita ao réxime de comercio de dereitos de emisión. De acordo co previsto no número 3 da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, o incumprimento desta medida entenderase equivalente á infracción tipificada no artigo 29.2.5.^a desa lei.

3. Alternativamente, tamén se poderá considerar que constitúe unha medida de mitigación equivalente a existencia dun tributo que grave as emisións de CO₂ e dunha instalación que superen un volume de emisións equivalente a aquel que resulte cuberto polos dereitos de emisión que lle corresponderían como asignación inicial conforme as regras de asignación gratuíta. Para que unha medida deste tipo se considere equivalente, o efecto económico da aplicación do tributo sobre o titular da instalación deberá ser equiparable ao custo que comportaría a adquisición dos dereitos de emisión necesarios para cubrir a diferenza entre o volume de emisións cuberto pola asignación gratuíta de dereitos de emisión e as emisións da instalación.

4. Os titulares das instalacións, no momento de solicitaren a exclusión, poderanlle propor ao órgano competente da comunidade autónoma a súa vontade de que unicamente se leve a cabo tal exclusión se quedan suxeitos a unha determinada tipoloxía de medida de mitigación equivalente das previstas nos puntos anteriores.

5. Se no momento do inicio do terceiro período de comercio de dereitos de emisión as medidas de mitigación equivalentes non resultasen de plena aplicación ás instalacións excluídas do réxime de comercio de dereitos de emisión, serán incluídas novamente nel.

Artigo 3. *Informe do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.*

Na emisión do informe previsto no número 1 da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño valorará, ademais do cumprimento dos requisitos establecidos na lei e neste real decreto, os efectos que a exclusión de instalacións e a aplicación das medidas equivalentes poden ter sobre a competencia, o mercado interior e o interese dos consumidores, especialmente cando dentro dun mesmo sector poidan quedar instalacións suxeitas a medidas de distinta natureza.

Artigo 4. *Sistema de seguimento, verificación e notificación.*

Sen prexuízo das competencias dos órganos autonómicos previstas na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático adoptará recomendacións sobre os sistemas de seguimento, verificación e notificación de información sobre emisións aplicables ás instalacións excluídas. Estas medidas poderán incluír, entre outros, os seguintes aspectos:

a) A aplicación inmediata, no caso de instalacións con emisións anuais entre 25.000 e 5000 tCO₂ e, dalgunhas ou todas as exencións dos requisitos de seguimento, verificación e notificación previstas na sección 16 do anexo I da Decisión 2007/589/CE da Comisión, do 18 de xullo de 2007, pola que se establecen directrices para o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro de conformidade coa Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, ou outras exencións equivalentes que poida establecer a normativa comunitaria nesta materia.

b) Para as instalacións cuxas emisións medias anuais verificadas entre 2008 e 2010 sexan inferiores a 5000 tCO₂ e:

A aplicación inmediata de todas as exencións previstas na sección 16 do anexo I da Decisión 2007/589/CE, do 18 de xullo de 2007, ou outras exencións equivalentes que poida establecer a normativa comunitaria nesta materia.

O desenvolvemento dun formulario simplificado para a notificación das emisións.

Disposición adicional única.

As solicitudes de asignación de dereitos de emisión para a terceira fase de comercio conforme o previsto no artigo 19 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, deberán ser completadas polos titulares das instalacións mediante a presentación da información e documentación que resulte necesaria para calcular a asignación, de conformidade co exixido pola decisión da Comisión pola que se determinan as normas transitorias da Unión para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión consonte o artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE, nun prazo de dous meses desde a entrada en vigor da citada decisión.

Do mesmo modo, os titulares poderán mellorar as solicitudes de exclusión do réxime presentadas conforme o previsto na disposición adicional cuarta da citada lei nun prazo dun mes desde a entrada en vigor da decisión a que se refire o parágrafo anterior, sen prexuízo do seu dereito a desistiren delas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución española.

O artigo 3 do real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13 da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A Ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO